



## Avisos

\* Recordar ás persoas que están acudindo ás actividades que deben pasar polo Concello a renovar o carné de actividades anual. Deben traer unha foto tamaño carné e xa lles facemos o carné no momento. O carné de actividades é valedouro para as actividades municipais, o ximnasio e a piscina municipal descuberta durante o verán.

\* O Concello ven de iniciar o proceso para seleccionar xuíz de paz substituto. Nuns días vai a ser inserido anuncio no BOP da Coruña, unha vez publicado dito anuncio os interesados disporán de 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación do mesmo para presentar a solicitude na Casa do Concello.

## Cultura

\* **Sábado de Entroido: Festa do Entroido e Festa Infantil:** 25 de febreiro, Inchables, obradoiros de tatuaxes e globoflexia, Diver-Photocall con fotógrafo, chocolatada e filloas, discoteca móbil e xogos infantís e musicais, no Polideportivo Municipal de 16:30 a 20:00.

\* **Obradoiro de repostería entroideira :** xoves 23 de febreiro:, anotarse antes do día 22 de febreiro no Concello ou no Centro Social de Maiores. Hora: 10:30 a 12:30 levarase na cociña do Centro Social Municipal de Maiores.

\* **II Edición da Ruta d' Tapas Entroido** con premio en Boimorto, durante os días 25, 26, 27 e 28 de febreiro de 2017, os bares participantes repartiran tapas relacionadas co Entroido: Café-Bar Rico, Café-Bar Carreira, Café-Bar Novo, Parrillada A Cabrita, Café-Bar Vilanova, Café-Bar Bobby, Mesón Nati, Café-Bar Luis, Café-Bar Maribel, Casa Moncho, Café-Bar Cardelle.

Como participar: durante os días 25, 26, 27 e 28 de febreiro poderase recoller nos bares participantes o cartón para poder concursar, onde se deberá cubrir os datos persoais, e cada vez que se consuma algo nos locais participantes e o establecemento deberá selarlle o cartón. Para poder entrar no sorteo débese consumir en todos os bares participantes na ruta, unha vez cuberto todo o cartón terase que entregar no último bar no que se consuma para entrar no sorteo.

O mércores día 1 de marzo de 2017, o Concello recollerá dos establecementos de hostalería participantes todas as caixas cos cartóns. O xoves 2 de marzo de 2017 as 12:00 realizarase o sorteo, publicamente para coñecer os gañadores.

Premios: 19 vales de compra por un valor total de 570€ para gastar nos establecementos do Concello.

## Servizos Sociais

\* **FAMILIAS CON MENORES:** Dende os servizos sociais do concello estase estudando a posibilidade de realizar diferentes actuacións coas familias que teñan menores polo que se convocan ás mesmas a unha reunión informativa para que nos transmitan as demandas das actuacións que serían do seu interese. **Data da reunión:** 10 de febreiro **Hora:** 21:00 h **Local:** Centro Social Municipal de Maiores

\* **ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DEMENCIA:** Convócase a todas as persoas que convivan con algún familiar que padeza algún tipo de demencia a unha reunión informativa co obxectivo de dar a coñecer un proxecto de intervención que está sendo elaborado polos servizos sociais.

Dada a alta incidencia destas enfermidades neurodexenerativas no concello consideramos de especial importancia a asistencia dos familiares/coidadores principais para programar futuras intervencións de cara a mellorar a súa calidade de vida e a dos seus coidadores/as.

**Data da reunión:** 17 de febreiro **Hora:** 21:00 h **Local:** Centro Social Municipal de Maiores

**PROXECTO DE VOLUNTARIADO SOCIAL:** Dende os servizos sociais convocamos á veciñanza de Boimorto a unha reunión informativa para presentar un proxecto de voluntariado social a desenvolver no Concello que se celebrará o día **24 de febreiro** no **Centro Social Municipal de Maiores** ás **21:00 h.**

- **Que é o voluntariado social?** Persoas que de forma solidaria e desinteresada se comprometen a prestar unha parte do seu tempo libre en beneficio doutras persoas que o necesitan.

- **Qué xustifica a posta en marcha deste proxecto?** Boimorto é un concello rural onde a poboación está moi dispersa. O despoboamento e o envellecemento da poboación agrava as condicións de vida das

persoas que teñen máis necesidade de comunicación, compañía e menos posibilidades de acceder aos servizos que oferta o concello.

\* A Xunta de Galicia convoca axudas para o pagamento da factura eléctrica a través do ticket eléctrico social de Galicia. Son posibles beneficiarios destas axudas as unidades familiares que teñan menores ou persoas discapacitadas e non superen os 9.585,19 € ó ano. O prazo de presentación de solicitudes será ata o mes de xuño de 2017. As familias interesadas poden pasar polos servizos sociais do Concello de Boimorto de luns a venres de 9 a 15 horas.

## Emprego

\* CONVOCATORIA DE PROBAS PARA O ACCESO AOS CICLOS MEDIO E SUPERIOR DA FORMACIÓN PROFESIONAL Presentación solicitudes:

Para os ciclos de grao medio do 13 e 23 de marzo de 2017.

Para os ciclos de grao superior: do 6 e 15 de febreiro de 2017.

Máis información: DOG nº 4, do 5 de Xaneiro do 2017

\* A DEPUTACIÓN DA CORUÑA CONVOCA LISTAS PARA OS SEGUINTE POSTOS:

- EDUCADOR/A: Requisitos: Diplomado Educación social, Pedagogía, Profesor educación primaria
- COCIÑEIRO/A: Requisitos: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao ou equivalente.
- ADMINISTRATIVO/A: Requisitos: Licenciatura universitaria en dereito, económicas ou empresariais, intendente mercantil ou actuario, ou Grao oficial universitario equivalente.

Prazo: ata o 13 de Febreiro de 2017 Máis información: BOP nº 15, do 23 de Xaneiro do 2016

\* CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL.

-Atención sociosanitaria a persoas no domicilio  
-Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais  
-Servizos para o control de pragas  
-Xestión servizos para control organismos nocivos  
-Socorrismo en espazos acuáticos naturais

-Socorrismo en instalacións acuáticas  
-Extinción de incendios e salvamento  
-Tanatopraxia  
-Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural

Prazo: ata o 19 de Febreiro do 2017. Prazo para o de incendios: do 01/03/2017 ata o 31/03/2017

Máis información: DOG nº 13, do 19 de Xaneiro do 2017

\* AXUDAS PARA O FOMENTO DA INICIATIVA EMPRESARIAL XÓVENES. DEPUTACIÓN DA CORUÑA: Axudas dirixidas a mozos e mozas de entre 25 e 35 anos empadroados en concellos da provincia que promovan iniciativas empresariais de nova creación no ámbito provincial, tanto persoas físicas coma xurídicas. As axudas cubrirán investimentos de ata 40.000 euros (excluído o IVE), dos cales o cincuenta por cento como máximo poderá ser subvencionado pola Deputación. Os gastos subvencionables son os relacionados con aplicacións informáticas, maquinaria, utillaxe necesario para a realización da actividade, mobiliario e equipos para o proceso de información.

Prazo: 03 de marzo de 2017 Máis información: BOP nº 10 de 16 de xaneiro de 2017

\* AXUDAS A EMPRESAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL. DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Cada empresa solicitante poderá contratar como máximo a unha persoa traballadora por un período mínimo de doce meses, non sendo admisible máis dunha solicitude por empresa. A axuda cubre o 75% dos custos salariais totais da persoa traballadora incluídas as cotas á Seguridade Social, non sendo subvencionables outros conceptos derivados da contratación.

As persoas a contratar deberán cumprir unha serie de requisitos: estar empadroadas en calquera dos municipios da provincia da Coruña, estar en situación de desemprego no momento da contratación e inscrita como demandante de emprego no servizo público de emprego correspondente, non ter mantido unha relación laboral coa empresa beneficiaria da subvención dentro dos tres meses anteriores á data de contratación obxecto de solicitude da subvención, non ter relación de parentesco coa persoa empregadora e non ostentar cargos de dirección ou ser membros dos órganos de administración das entidades beneficiarias.

Prazo: 03 de marzo de 2017 Máis información: BOP nº 10 de 16 de xaneiro de 2017